



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

CIRCULAR 61/2009

- A todas as Delegacións (*)

- Aos clubs, adestradores e atletas.

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

SOLICITUDE DE PRAZAS PARA O CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA. CURSO ACADÉMICO 2009/10

Todos aqueles atletas interesados en optar a unha praza para o **Centro Galego de Tecnificación Deportiva** na vindeira tempada, 2009/10 deberán presentar o modelo de solicitude que se adxunta neste documento xunto ao seu currículo deportivo antes do día **10 de Xullo** na Federación Galega de Atletismo.

Lembramos que tódolos atletas que fosen finalmente admitidos deberán seguir vinculados ao longo de dous anos co club de orixe, salvo acordo mutuo entre o atleta e o club.

Requisitos

Á espera que se publique oficialmente a convocatória de prazas para a vindeira tempada 2009/10 incorporamos nas seguintes liñas as modalidades de prazas ofertadas na pasada tempada:

MODALIDADES DE PRAZAS OFERTADAS PARA ATLETAS GALEGOS MENORES DE 18 ANOS

a) Praza de Residencia:

Para alumnos/as-deportistas nados/as nos anos 1994, 1993, 1992 e 1991 que residan fóra do concello de Pontevedra ou concellos próximos. *Beneficios da praza:* matrícula no IES adscrito ó centro, aloxamento e manutención completa na residencia, servizo de lavandería, incorporación ó programa de tecnificación deportiva da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e titoría.

b) Praza de Externo A:

Para alumnos/as-deportistas nados/as nos anos 1994, 1993, 1992 e 1991 que residan no concello de Pontevedra ou concellos próximos. *Beneficios da praza:* matrícula no IES adscrito ó centro, xantar no comedor da residencia, incorporación ó programa de tecnificación deportiva da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e titoría.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

MODALIDADES DE PRAZAS OFERTADAS PARA ATLETAS GALEGOS MAIORES DE 18 ANOS

a) Praza de Externo B.1:

Para deportistas con recoñecemento de deportista galego de alto nivel, nados/as nos anos 1990, 1989, 1988, 1987, 1986 e que cursen estudos universitarios, bacharelato ou ciclo formativo con horario compatible cos adestramentos. *Beneficios da praza:* xantar no comedor da residencia, incorporación ó programa de tecnificación deportiva da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Praza de Externo B.2:

Para deportistas nados/as nos anos 1990, 1989, 1988, 1987, 1986 que residan fóra do seu entorno familiar, acrediten resultados deportivos de alto nivel no campionato/s de España e/ou competición/s internacionais, e cursen estudos universitarios, bacharelato ou ciclo formativo con horario compatible cos adestramentos. *Beneficios da praza:* posibilidade de xantar no comedor da residencia segundo os casos, incorporación ó programa de tecnificación deportiva da súa modalidade e servizo médico-deportivo.

b) Praza de Externo C:

Para deportistas galegos/as con recoñecemento de deportista de alto nivel. *Beneficios da praza:* posibilidade de xantar no comedor da residencia segundo os casos, acceso e utilización das instalacións deportivas e servizo médico-deportivo.

OUTROS DATOS DE INTERESSE

- Poderán concorrer a esta convocatoria tódolos/as deportistas que reúnan os requisitos establecidos nas bases que se publicarán e que pertencen a algunha das federacións deportivas galegas con autorización vixente para desenvolver o seu programa de tecnificación deportiva nas instalacións do centro.
- A Dirección Xeral para o Deporte reservarase a posibilidade de cubrir ou non a totalidade das prazas ofertadas, en función do grao de cumprimento dos requisitos propostos para cada perfil.
- Unha comisión fará unha valoración das solicitudes presentadas en relación a tres aspectos fundamentais: deportivo, académico e socio-económico.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

RESPONSABLE DA F.G.A. DO PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN 2008/09

D. Pere Llonch Arnero

MODELO SOLICITUDE (CUBRIR CON LETRA MAIÚSCULA)

APELIDOS	
NOME	
DATA NACEMENTO	/ / LUGAR NACTO:
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
PROVINCIA	
CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	FIXO: MÓBIL:
EMAIL	
NOME E APELIDOS DO ADESTRADOR	
CLUB DO ATLETA	
PARA FORMALIZAR A SUA SOLICITUDE DEBE REMITIR POR CORREO ORDINARIO OS SEGUINTE DATOS ANTES DO 10 DE XULLO:	
✎ Curriculum deportivo tempada 2008/09	
✎ Expediente académico curso 2008/09	
✎ Informe da situación socio-económica	
FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO	
Avda de Glasgow, 13 Complexo Deportivo de Elviña - 15008 A Coruña	
Fax: 981292056	

A Coruña, 2 de xullo do 2009
Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral FGA

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

